



11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra

A cidade

Do 7 de febreiro ao 14 de marzo de 2010

Pazo da Cultura de Pontevedra

www.salondolibro.org

OS BOMBEIROS AMOSAN 2 CAMIÓNS A 150 NENOS E NENAS NO 11º SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUENIL

Pontevedra, 9 de marzo de 2010.- O 11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra contou esta mañá cunha visita moi especial nas instalacións do Pazo de Congresos e Exposicións, protagonizada polo corpo de **Bombeiros de Pontevedra**.

A partir das **11.00 horas**, unha dotación de bombeiros achegouse ao Salón do Libro de Pontevedra para invitar aos nenos e nenas dos centros escolares participantes a coñecer os seus camións e as ferramentas que empregan na súa loita contra os incendios e nas súas actuacións de rescate. Esta iniciativa encaixa dentro das actividades programadas polo 11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, en colaboración cos servizos locais de seguridade.

Ademais, no xurado do concurso “**O traballo dos bombeiros**”, convocado polo servizo de Bombeiros de Pontevedra, participaron tamén Julio Castela, concelleiro de Educación e Demetrio Gómez Xunqueira, concelleiro de Protección Cidadá, que elixiron o gañador entre os debuxos participantes do 11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que se exhiben na Sala de Exposicións do Pazo da Cultura: foi o traballo dunha alumna do Colexio Xunqueira I.

Agradedemos a súa difusión,

Departamento de Prensa do Salón do Libro